



O STEG PERANTE O ANTEPROXECTO DA LOMCE

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O STEG PERANTE O ANTEPROXECTO DA LOMCE (Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa).

O Anteproxecto da LOMCE auspiciado polo inefábel ministro Wert e aprobado recentemente polo Consello de Ministros presidido por Mariano Rajoy constitúe, sen ningún xénero de dúbidas, a plasmación dunha auténtica **contrarreforma educativa** que socava e aniquila o conxunto de bases legais, laborais, ideolóxicas e pedagóxicas que viñeran sostendo (é certo que non sen dificultades, disfuncións e contradicións), a concepción global do ensino como dereito básico, investimento social e humano, medio de formación integral, ferramenta de cohesión, espazo para o exercicio da convivencia e da cidadanía democrática e como garante da igualdade de oportunidades.

É, desde o mouro franquismo, o primeiro anteproxecto de lei educativa que, por exemplo, pretende dar carta sistemática de natureza ao desvío de **fondos públicos a centros privados que segregan e discriminan alumnado en función do sexo**, mesmo que haxa sentenzas xudiciais que teñan sentado clara doutrina contraria nese sentido. É tamén o primeiro descaradamente **recentralizador**, cabe dicir, **unitarista e uniformista**, elevando do 55% ao 65% os contidos comúns do horario escolar en comunidades autónomas con lingua propia e competencias seica exclusivas en Educación, como é o noso caso, e do 65% ao 75% nas restantes.

Non é casual que a tramitación deste Anteproxecto viñese precedida dun cúmulo de declaracións, medidas concretas, mudanzas normativas e recortes orzamentarios por parte dos Gobernos central e autonómico, ambos en mans do PP, que azoutaron e seguen azoutando o ensino público desde todos os flancos: críticas tendenciosas ao labor e profesionalidade do conxunto dos docentes, descualificación das inquietudes, mobilizacións e xustas demandas das ANPAS, deterioro das condicións laborais, conxelacións e rebaixas salariais, despedidos masivos de profesorado interino, redución de cadros de persoal, baixas laborais que fican sen remunerar plenamente e sen cubrir nas aulas, supresión de programas de apoio, aumento das cargas lectivas, aumento das *ratios*, eliminación de programas de gratuidade dos libros de texto e de apoio ao alumnado, feche de comedores escolares, rebaixa no número de becas para estudantes de ensino público e endurecemento de requisitos para a súa obtención, etc.

Baixo as coartadas da crise, do control do gasto público e da redución do déficit, viña xa perpetrándose, antes da aprobación do Anteproxecto, un ataque en toda regra, de virulencia sen precedentes, á liña de flotación do sistema educativo público, ataque que con só presentarmos algunhas porcentaxes pode ser resumido en toda a súa crueza: no último quinquenio aumentou nun 30% o financiamento público das redes privadas de centros; nos orzamentos do Estado para 2013, a rebaixa das partidas destinadas a educación supera o 31%; para o 2015, a caída no investimento educativo será desde o 4,9 ao 3,9 do PIB.... O Anteproxecto vén ser, considerado nesta perspectiva, a guinda dese pastel xa de seu indixesto, ou o que é o mesmo, o intento de naturalizar *por* e *na* lei todo ese cúmulo de despropósitos.

Por outra banda, o Anteproxecto preséntase desde a máis absoluta unilateralidade, sen **ningún proceso de diálogo previo** (xa non digamos de negociación ou procura de consenso), con todos e cada un dos axentes implicados na educación. Resulta un sarcasmo (e todo un síntoma) que, existindo como existen mesas sectoriais, confederacións de ANPAS, organizacións sindicais, movementos de renovación pedagóxica, facultades de pedagogía, asociacións estudantís, consellos escolares de diferentes niveis (estatal, autonómicos...), xuntas de directores de centro, consellerías autonómicas con competencias plenas en Educación, etc., etc., o único sistema habilitado polo ministerio do sr. Wert para a participación na confección do Anteproxecto fose un enderezo electrónico ao que se podían enviar críticas ou propostas, sen dereito a contraste posterior...

No preámbulo do citado Anteproxecto non se disimula o afán de supeditar todo o funcionamento e deseño do sistema educativo a unha **lóxica mercantilista e economicista** en chave neoliberal e ultraconservadora, de auténtico darwinismo social excluínste, elitista e clasista, que non só degrada ata límites insospeitados as propias condicións laborais dos traballadores e traballadoras do ensino, en particular, senón que presenta e concibe o conxunto do alumnado dos distintos niveis educativos como unha especie de *masa pre-laboral* que o sistema ten que ir modelando, clasificando, segregando e revalidando en distintos niveis de empregabilidade. Déixanse de lado directamente os obxectivos formativos de carácter integral (desenvolvemento da capacidade crítica, adquisición de autonomía persoal e cognitiva, formación da propia opinión, convivencia democrática e coeducativa, etc.) e esquécese propositadamente os variados condicionamentos de partida do alumnado e as necesarias estratexias compensatorias que o sistema educativo debe articular á hora de abordar a súa formación, se quere garantir a igualdade de oportunidades.



O STEG PERANTE O ANTEPROXECTO DA LOMCE

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O Anteproxecto preséntase sen a correspondente memoria económica que avale ou xustifique a viabilidade da proposta que encerra. Ben mirado, constitúe unha auténtica pirlueta dialéctica para facer pasar por veraz a disparatada tese de que é posíbel conseguir a mellora da calidade educativa perpetrando ao mesmo tempo un recorte brutal de medios humanos e de recursos nos centros educativos públicos.

Aínda que alude na súa propia denominación, como presunto *desideratum* orientador, á “mellora da calidade educativa”, chama ben a atención o feito de que case todas as mudanzas que introduce na estrutura e funcionamento do sistema non incumban a ningún dos tramos educativos onde, por pura lóxica de desenvolvemento cognitivo do alumnado, se manifesta e se pode detectar antes os síntomas que provocan o chamado “fracaso escolar”, a Infantil e a Primaria. Con efecto, un simples repaso ás medidas que contempla o Anteproxecto sitúan o ámbito preferente desta reforma no ensino secundario: salvo o establecemento de dúas reválidas, en 3º e 6º de Primaria, nada, absolutamente nada se di sobre medidas para a mellora da calidade nese tramo educativo básico: nin dotar os centros con máis profesorado, nin máis reforzos e desdobres, nin redución das *ratios*, nin gratuidade dos libros e aumento de bolsas, nin ferramentas extras de apoio e orientación ao alumnado con necesidades educativas especiais, nin máis medios para a atención á diversidade.

O Anteproxecto recupera, no espírito e na propia denominación, o vello sistema de **reválidas** (¡¡nada menos que cinco!! en 3 e 6º de Primaria; en 3º e 4º de ESO e en 2º de BACH.) como presunta panacea para aumentar a motivación e o rendemento escolares. Faino cando, abofé, aínda non se borraron da memoria de moitos cidadáns e cidadás en idade adulta os traumas e obstáculos que tiveron que enfrontar con ese sistema, vixente durante o franquismo, que deturpa o propio concepto de avaliación educativa, dado que esta deixa de ser un instrumento chave para a mellora da calidade, na medida en que se realizase como paso previo á adopción de medidas correctoras e funcionase como método de detección de problemas de aprendizaxe a resolver, e pasa a ser por contra, ante todo e sobre todo, un método de clasificar/segregar alumnado.

O das reválidas resulta, por iso mesmo, un método profundamente nesgado, tendencioso, no plano pedagóxico: converte en papel mollado a avaliación continua realizada polo profesorado no día a día, fomenta os enfoques memorísticos no proceso de aprendizaxe, serve de coartada para desvalorizar certo tipo de materias, de coñecementos e habilidades, fomenta mediante a elaboración posterior de *ránkings* a competitividade e estratificación entre centros educativos, converte a FP nunha especie de “coche-vasoira” para recoller o alumnado con peores resultados, etc.

Ten neste caso concreto, ademais, como dixemos, un claro transfundo político recentralizador (as probas terán carácter estatal, facendo *tabula rasa* das competencias exclusivas en materia educativa de determinadas comunidades autónomas, como a nosa), privatizador (serán realizadas por axentes externos, léase, empresas privadas concesionarias) e homoxeneizador, tanto dos currículos como das prácticas docentes e dos enfoques metodolóxicos, para acabar convertendo os cursos que finalicen con reválida en “preparatorios” ou “propedéuticos” máis que “formativos”, como xa ten acontecido en boa medida cos anteriores COU e 2º BACH, por mor das PP.AA.UU. Por último, o sistema de reválidas aboca a consecuencias de carácter abertamente segregacionista no plano socio-educativo: garantirá, polo seu carácter determinante para a progresión dentro do sistema e para obter ou non titulación, que non todo o alumnado consiga o título no nivel correspondente e expulsará do sistema educativo cara ao mercado laboral, a cada e tanto, sucesivos continxentes de alumnado “fracasado”. As reválidas, en resumo, serán a garantía para que se camiñe na dirección dun sistema educativo non inclusivo, incapaz de compensar as desigualdades de partida e concibido como filtro e peneira selectiva, non como servizo público formativo universal.

Complementos imprescindíbeis desta filosofía reaccionaria plasmada no Anteproxecto son a anticipación de escollas curriculares decisivas a 2º de ESO, a instauración de itinerarios diferenciados cara ao Bacharelato e a FP e a conversión de 4º da ESO en curso de iniciación con traxectorias e probas de titulación diferenciadas. Co sistema que contempla o Anteproxecto, é perfectamente posíbel que un meniño/a de 11 ou 12 anos, tras cursar 1º de ESO sen atinxir os obxectivos do curso, non teña xa máis posibilidades de continuar estudos... Significativa sobre o rol segregador que se lle outorga á escola resulta tamén a inexistencia de calquera caste de “pasarela” entre a nova FP inicial, á que se derivará o alumnado que non supere o primeiro filtro (reválida de 6º), e os outros niveis, tanto medios como superiores.

O Anteproxecto aposta, ao mesmo tempo, por unha simplificación curricular que, ademais de prexudicar seriamente (por redución ou por eliminación) determinadas áreas de coñecemento fundamentais na formación integral dos alumnos e alumnas, en tanto que futuros cidadáns e cidadás con capacidade crítica, espírito creativo e bagaxe cultural



O STEG PERANTE O ANTEPROXECTO DA LOMCE

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

ampla (Bacharelato de Artes, Educación para a Cidadanía, Ética, Música, Tecnoloxía, Educación Física, Plástica, Ciencias para o Mundo Contemporáneo...), pon en solfa o ideal dun currículo integrado e interdisciplinar, verdadeiramente *formativo*, e presenta flagrantes contradicións: se hai que reducir e simplificar materias e se fan falta máis horas para as consideradas “materias instrumentais”, ¿por que se mantén o ensino de relixión en todos e cada un dos niveis? ¿por que se desagrega a materia de Coñecemento do Medio?... Mesmo no campo da aprendizaxe de linguas estranxeiras faise unha esquemática e limitada aposta polo método das seccións bilingües, sen abrir o abano a canles e ferramentas metodolóxicas de comprobada eficacia formativa: desdobres nas clases de idiomas, apoios con profesorado nativo, intercambios, dotación de aulas específicas, etc.

A participación da comunidade educativa na xestión democrática dos centros, de aplicarse o contemplado neste Anteproxecto, experimentará un retroceso de proporcións tan xigantescas e graves que cabe dicir que nos retrotraerá, sen esaxero, á etapa pre-democrática. **Os Consellos Escolares**, por exemplo, deixan de ter carácter decisorio e pasan a ter unicamente, en aspectos ben fundamentais, **carácter de órganos consultivos**. Todo o poder decisorio que perden gáñano os órganos unipersoais, nomeadamente a Dirección, o que non fai máis que incrementar a concepción piramidal e o enfoque xerencialista, empresarial, do goberno dos centros educativos, animados polo Anteproxecto, ademais, a procuraren recursos externos de todo tipo no ámbito privado.

As condicións xerais de traballo e os dereitos laborais do profesorado aínda se deteriorarán máis do que xa están coas medidas previstas neste Anteproxecto. As **direccións** dos centros, co pretexto da “especialización” dos mesmos, **poderán seleccionar persoal** interino sen ter en conta criterios obxectivos que viñan existindo, como a antigüidade e demais méritos. Todo o **profesorado** parece abocado, “por necesidades de servizo”, á **mobilidade forzosa** e a ter que impartir materias para os que non posúe titulación nin formación específica. A posta en marcha da **FP Dual** suporá a supresión de boa parte do profesorado da actual FP. O propio Anteproxecto contempla o fomento ou promoción das TICS (loxicamente necesario e útil desde moitos outros puntos de vista educativos) como, citamos literalmente, “*herramienta de apoyo para recuperación de áreas y materias no superadas*”. Ou sexa, onde estea un bo ordenador, ¿para que dispoñer de profesorado especialista de apoio e reforzo?...

Resulta evidente que un obxectivo non declarado deste Anteproxecto é **favorecer o ensino privado e concertado**, que para nada padece os recortes e restricións a que se ven vendo sometido o público e que mesmo poderá ver ampliada a súa “cota de mercado” grazas á nova formación profesional básica e á posibilidade de concertar tamén o ensino postobligatorio. A supresión da Selectividade e a elaboración obrigatoria de *ránkings* e clasificacións dos centros en función dos resultados do alumnado nas diferentes reválidas son medidas que teñen como obxectivos últimos xustificar a concesión de novos concertos e alentar a fuxida de maior porción do alumnado cara ao sector privado. Non custa moito ver que, se os recursos dun centro educativo van estar en función dos seus resultados medidos en termos de reválidas, serán os centros públicos que asuman e concentren unha maior porcentaxe de alumnado con dificultades e necesidades especiais os que leven as de perder. O Anteproxecto consagra, pois, o contrario do que se agardaría dun sistema educativo xusto e de calidade: igualdade de oportunidades para todos e todas e máis recursos para quen máis os necesita.

Portodas as razóns expostas, o STEG rexeita de plano o conxunto do Anteproxecto da LOMCE, verdadeira contrarreforma educativa que traerá consecuencias desastrosas, de se aplicar, tanto para o sistema educativo como para o conxunto da sociedade. Por iso mesmo, o STEG reclama a súa inmediata retirada e chama á sociedade no seu conxunto, e moi particularmente a todos os sectores da comunidade educativa, a expresar o seu rexeitamento e a mobilizarse contra a súa aplicación.

Secretariado Nacional do STEG
Outubro do 2012